

Tema 31. A Transición e a consolidación da democracia

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece o **contexto no que se levou a cabo a transición**, así como as **diferentes medidas postas en marcha polos primeiros gobernos**, facendo fincapé nos **principios fundamentais da constitución de 1978**. Deberá afondar tamén nas **dificultades básicas** polas que pasou **UCD** e o intento de **golpe do 23-F** para rematar facendo referencia á política levada a cabo polos gobernos socialistas ata 1996.

A partir dos seguintes documentos podemos elaborar unha composición de texto histórico sobre a crise da **UCD** e o os gobernos do **PSOE** (1979-1982).

A vitoria da **UCD** nas eleccións a Cortes constituíntes con **165 deputados en 1977** levou a **Suárez** plantexar o seu mandato en torno a varios obxectivos. O primeiro foi acadar a **estabilidade política e social** imprescindible para sentar as bases do sistema democrático. En canto a **cuestión territorial** tratou de acadar acordos cos nacionalistas cataláns e vascos á espera da futura decisión sobre a división do territorio. Moitos continuístas, especialmente os militares, consideraron estes acordos unha ofensa á *“sagrada unidade de España”*. No **ámbito exterior** reactiva as negociacións coa **Comunidade Económica Europea** (finalmente se ingresa en **1986** xunto coa **OTAN**) á procura de recoñecemento internacional para o nacente sistema democrático e de axuda para revitalizar a economía española asfixiada polos efectos da crise de 1973. Neste eido procurou un grande pacto social, para o que, tras reunir no palacio da Moncloa (**Pactos da Moncloa**), aos representantes das organizacións de empresarios, dos sindicatos e dos partidos políticos, logra que todos se decaten de que España pasa por unha grave crise económica e que é imprescindible alcanzar un consenso sobre as medidas a tomar para reducir os seus efectos, tanto económicos como políticos e sociais, no sentido de conseguir a estabilidade política necesaria como para que a democratización se asente definitivamente.

O **6 de decembro de 1978** apróbase a vixente **Constitución** española, en cuxa elaboración destacan **Gregorio Peces-Barba** (PSOE), **Jordi Solé Tura** (PCE), **Manuel Fraga** (Alianza Popular) e **Gabriel Cisneros** (UCD), considerados os pais da Constitución. É unha constitución de consenso, que pretendía contentar a todas as forzas políticas e que foi aprobada polo Senado e polo Congreso e en referéndum. Este texto definía España como un Estado Social e Democrático de Dereito. Na parte orgánica posúe soberanía popular expresada mediante sufraxio universal total; o poder executivo dividido entre un Xefe do Estado (monarca) e un presidente de goberno escollido polo

Parlamento; no lexislativo Cortes bicamenrais con Parlamento e Senado como cámara de representación territorial; xudicial nos tribunais. Estado laico e aconfesional. Estado descentralizado coa posibilidade de concesión de estatutos de autonomía (no que acabará triunfando o “café para todos” de Suárez) e defensor dun modelo de economía mixta. Na parte dogmática garante amplos dereitos e liberdades.

As **eleccións** convocadas tras a **aprobación da Constitución** e celebradas en **marzo de 1979** volveron a reproducir case os mesmos resultados de xuño de 1977: **Adolfo Suárez**, coa **UCD**, logrou ampla maioría para gobernar con 168 deputados; **Felipe González**, co PSOE, confirmouse como posible relevo, con 121 deputados; **Arzallus** (PNV), e **Pujol**, (CIU), consolidáronse como líderes nacionalistas pero foron unhas eleccións con maior nivel de abstención, porque a xente estaba descontenta cos políticos pola inflación, o desemprego e o terrorismo.

Durante esta nova etapa o goberno de **Suárez** atopouse con numerosas **dificultades** entre as que destacan as **primeiras eleccións municipais** para poder democratizar os concellos onde unha coalición entre o **PC** e o **PSOE** arrebatoulles numerosas cidades importantes (**Madrid** con **Tierno Galván**). A **cuestión autonómica** resolta coa solución de conceder autonomía para todas as rexións do Estado (o famoso “café para todos” de **Suárez**), o brutal aumento do terrorismo para provocar aos continuístas para frear a vía reformista (**ETA** asasina máis en 1978 que durante toda a ditadura) así como o impacto negativo da segunda **Crise do petróleo** de **1979** e o aumento da conflitividade obreira tamén foron elementos erosivos para a **UCD**. Do mesmo xeito que o novo **concordato do Vaticano** onde o goberno se comprometía a financiar ao clero con fondos do Estado.

Todos estes factores levan a un desgaste enorme a **Adolfo Suárez** que viuse acosado pola práctica totalidade das forzas políticas e das forzas oligárquicas que o culpaban de toda a inestabilidade do período. **Adolfo Suárez**, o 19 de xaneiro de 1981, presentou na televisión a súa **dimisión** como Presidente de goberno, provocando nos españois unha grande sorpresa, sobre todo porque o presidente dimitirá argumentando que o sistema democrático estaba en perigo. Os militares inmovilistas que previamente xa planearan un golpe na fallida **Operación Galaxia**, aproveitaron a ocasión do aparente baleiro de poder (na sesión de investidura de **Leopoldo Calvo Sotelo** como candidato a presidente de goberno) para levar adiante un golpe de Estado.

O **fracaso do golpe de estado do 23 de febreiro de 1981** dirixido polo xeneral **Armada** e **Tejero** tivo como consecuencia o fortalecemento da figura do monarca: o rei **Juan Carlos** logrou un grande recoñecemento dos españois, ao aparecer na televisión como xefe supremo do exército ordenando ós militares manterse na fidelidade á Constitución e repregarse ós cuarteis o cal supuxo o sometemento definitivo do poder militar ao poder civil.

A pesar disto aínda quedan numerosas incógnitas sen resposta sobre este suceso, como por exemplo as verdadeiras intencións do xeneral **Armada** no golpe que, según el, eran crear un goberno de unidade nacional (seguindo o exemplo do golpe blando de **De Gaulle** en 1958) e fortalecer a figura do monarca (**Armada** fora profesor na academia militar de **Juan Carlos**, chegando a ser gran amigo do monarca e conselleiro da Casa Real) ou se realmente era un golpe para facer fracasar o proceso democrático como afirman outras versións do incidente. Outra incógnita foi o razón pola que o monarca tardou tantas horas en abortar o golpe na TVE.

As **eleccións xerais de outubro de 1982** provocaron un grande cambio na vida política española xa que a **UCD** afundíase estrepitosamente obtendo só **11 deputados**. **Alianza Popular** recibiría gran parte dos seus votantes obtendo uns resultados históricos de **106 deputados** pero a vitoria sería para o **PSOE** de **Felipe González** con 202 escanos e maioría absoluta.

O éxito político de **Felipe González**, ao lograr ser elixido presidente de goberno catro veces seguidas (en 1982, 1986, 1989 cos votos da maioría absoluta do **PSOE** e en 1993, co apoio dos votos de **CIU** e **PNV**) resultou clave para a estabilidade e consolidación do sistema democrático en España. Posto que os gobernantes socialistas aproveitaron as súas maiorías absolutas para tratar de levar adiante un programa de cambios co obxectivo de transformar a España nun Estado plenamente democrático e modernizalo. Tendo dous eixos claros, o ingreso de **España** na **CEE** e na **OTAN** (que culmina en 1986) e a consolidación do Estado de benestar. Para este fin fixo un profundo reaxuste da economía española para paliar os efectos das **crises do petróleo (73 e 79)** mediante unha dura reconversión industrial e a privatización das industrias do INI (*Instituto nacional da industria*) e tamén unha profunda reforma fiscal creando o **IVE** e o **IRPF**. Acometeu tamén unha ampla reforma do ensino, da sanidade e militar.

A modo de **conclusión** podemos afirmar que a culminación do proceso democrático prodúcese nesta etapa coa entrada de España, á vez que Portugal na **CEE** e na **OTAN** no 86. Ademais, no 1982 terá lugar o **mundial de fútbol en España** e posteriormente os **Xogos Olímpicos** en 1992, ámbolos dous símbolos do desenvolvemento económico dun país e da súa consolidación internacional iniciada no proceso constituínte de 1978.